

**BASES DO I CONCURSO DE CARTEIS “FESTA DOS MAIOS - CANIDO 2.016”  
CONCELLERÍA DE FESTAS DO CONCELLO DE FERROL.**

1.-O obxecto deste concurso é a creación dun cartel que forme parte da campaña de DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA TRADICIONAL FESTA DOS MAIOS NO BARRIO DE CANIDO, na que colabora a Concellería de Festas do Concello de Ferrol, co gallo da celebración da devandita festa que terá lugar os días 6, 7 e 8 de maio.

2.- -Poderán concursar todas as persoas en base a dúas categorías:

- A) Maiores de 18 anos
- B) Menores de 18 anos

3.- Os traballos realizaranse en papel ou lenzo, en tamaño mínimo A3.O material e a técnica utilizada serán libres dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica. Os orixinais deberán incluír un lema ou eslogan relativo á Festa dos Maíos. O lema deberá estar escrito en galego. Os traballos que concursen deberán ser orixinais e non ter sido presentados en anteriores concursos. Cada persoa poderá presentar cantas obras desexe.

4.- Os traballos non poden ir asinados polo autor ou autora, que limitará a súa identificación a un lema que estará escrito ó dorso do cártel. Este irá acompañado dun sobre lacrado que porá, no seu exterior, o mesmo lema que o cartel e, no seu interior, introducirase unha nota escrita cos datos persoais do autor ou autora: nome, apelidos, enderezo completo, un número de teléfono de contacto e fotocopia do NIF ou CIF, ou calquera outro dato sobre o propio traballo.

Os traballos deberán enviarse ou entregarse no Rexistro do Concello de Ferrol en horario de 9.00 a 14.00 horas.

O prazo para a presentación dos traballos remata o día 26 de abril de 2016.

5.- A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poideran sufrir as obras presentadas ao concurso.

6.- Composición do xurado:

Presidenta: Concelleira de Festas.

Secretaria: Funcionaria da concellería de Festas.

Tres Vocais:

.- Dous/dúas vocales relacionados/as co mundo das artes, da imaxe e da educación plástica.

.- Un/ha vocal técnico/a do concello de Ferrol.

O xurado valorará o contido, a capacidade de sensibilización, a orixinalidade e a calidade dos traballos e terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso. A decisión do xurado será anapelable.

7.- O faio do xurado farase público o día 29 de abril e o premio entregarase en acto público.

8.- Outorgaranse un primeiro premio para maiores de 18 anos e un primeiro premio para menores de 18 anos.

O primeiro premio da categoría A, consistirá en 150 euros.

O primeiro premio da categoría B, consistirá en 100 euros.

9.- Os orixinais quedarán en poder da Concellería de Festas (Concello de Ferrol), que se reserva o dereito de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento, sempre sen ánimo de lucro.

10.- As persoas participantes serán as únicas responsables dos contidos do seus traballos en canto a esixencias legais de dereitos de autorías ou plaxios, segundo a lei vixente. Cada participante aceptará estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións será inapelables.

Ferrol, **20 ABR. 2016**  
A concelleira de Festas

Beatriz Sestayo Doce

INFORMADO FAVORABLEMENTE  
POR SECRETARÍA XERAL

Ferrol, 20 ABR. 2016



O SECRETARIO XERAL,